


**ORDENANZA FISCAL**  
**TAXA VENDA AMBULANTE**





## AUTORIZACIÓN VENDA AMBULANTE

ANO:

--

TITULAR:  
 ENDEREZO:  
 DNI/CIF:  
 ACTIVIDADE:  
 Nº M2 A OCUPAR:  
 PERSOAL AUTORIZADO:  
 VEHÍCULO-TENDA: MATRÍCULA:

REG. MUNICIPAL:  
 ARTIGOS DA VENDA:  
 POSTO Nº: VEHÍCULO ASOCIADO:  SI  NON  
 VIXENCIA LICENZA:  
 VEHÍCULO-TENDA: ITINERARIO:

Guitiriz, .....de 200..

Asdo: Regina Polín Rodríguez

.....  
 A presente tarxeta será persoal e intransferible e o seu titular deberá coñecer e cumplir a normativa xeral de ordeación do comercio, a disciplina de mercado e a protección do consumidor.

Días de mercado:

O Concello reservase a facultade de modificar o emprazamento, así como o día e a hora de celebración, se xurdisen necesidades xerais debidamente xustificadas.

Este carné non é válido sen a presentación do recibo de pago correspondente

## ORDENANZA FISCAL Nº 10

REGULADORA DA TAXA POLO EXERCICIO DE VENDA AMBULANTE NO CONCELLO DE GUITIRIZ.

## ARTIGO 1. Concepto.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co establecido nos artigos 15 a 19 e 57 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, establecese a Taxa polo exercicio de venda ambulante no Concello de Guitiriz, a que se refire expresamente o artigo 20.3.n do propio Real Decreto Lexislativo que se rexerá por la presente Ordenanza Fiscal, cuxas normas atenden ó prevido no artigo 57 del citado Real Decreto Lexislativo.

## ARTIGO 2. Feito Impoñible

Constitúe o feito impoñible da presente taxa a ocupación de terreos de uso público local con postos e barracas con motivo do exercicio de venda ambulante no Concello de Guitiriz.

## ARTIGO 3. Suxento pasivo

Son suxeitos pasivos, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas, xurídicas e as entidades a que se refiren os artigos 35 e 36 da Lei xeral tributaria e 23 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, a favor de quen se outorguen as autorizacións para realizar a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público ou quen se beneficie ou realice os aproveitamentos si se procedeu sen a oportuna autorización.

No aproveitamento feito sen obter licenza, considerarase que ten a condición de suxeito pasivo ou titular da empresa que explote a instalación ou faga a actividade en terreo público.

## ARTIGO 4. Responsables

Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo tódalas persoas que sexan causantes ou colaboren na realización dunha infracción tributaria, así como os copartícipes ou cotitulares das Entidades recollidas no artigo 42 da Lei xeral tributaria, que responderán solidariamente en proporción ás súas respectivas participacións das obrigas tributarias da Entidade.

Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

#### ARTIGO 5. Feito impoñible e obriga de contribuír.

1. Está constituído pola actividade administrativa desenrolada para o outorgamento de licenzas ou autorizacións para a realización de actividades de industrias rurais e venda ambulante.

2. A obriga de contribuír nacerá cando se inicie a actividade administrativa dirixida a outorgar a autorización necesaria para a ocupación de bens integrados no dominio público municipal, cando media previa solicitude. Si non fora solicitada dita licenza, a obriga de contribuír nacerá y se terá dereito a percibir a taxa, cando se inicie o aproveitamento.

#### ARTIGO 6. Base Impoñible

Tomarase como base para determinar a cota tributaria da presente taxa, a superficie da ocupación expresada en metros cadrados completos, aplicándose no seu caso o redondeo á alza.

#### ARTIGO 7. Cota tributaria

A cota tributaria establecése ca seguinte desagregación:	SEMESTRE	ANO
Por cada posto de venda de produtos alimentarios, textil, quíncalla, calzados, ferraxaría, roupas e similares, por metro cadrado ou fracción (mínimo 2 m <sup>2</sup> )	18 euros	34 euros
Por cada vehículo-tenda para a venda dos anteriores produtos	108 euros	195 euros
Por cada caldeira de polbo ou asadeiros	240 euros	432 euros
Por postos puntuais, por metro cadrado e día (mínimo 2 m <sup>2</sup> )	1 euro	

A ampliación do posto, 15 euros e más a diferencia segundo os metros cadrados solicitados a maiores dos concedidos.

A expedición de cada documento normalizado de Autorización venda ambulante (tarxeta de autorización de venda ambulante), que figura no anexo II da Ordenanza Municipal de Venda ambulante ten un custo de 10 euros

#### Bonificacións:

1.- Os titulares da licenza municipal para venda ambulante que os días de mercado estacionen os seus vehículos asociados á actividade obxecto da licenza fora do recinto da Praza do Campo da Feira aplicaránse-lles una bonificación do 10 por cento do total semestral o anual que lles corresponda satisfacer.

Levarase un control diario directo por parte do Concello có obxecto de verificar o cumprimento deste feito.

2.- Os titulares da licenza municipal que deixen, ó rematar o mercado, o espazo ocupado totalmente reco-

llido de papeis, plásticos, envoltorios e demais resíduos, gozarán tamén dun 10 por certo de bonificación do total semestral o anual que lles corresponda satisfacer do período seguinte de tributación.

Levarase un control diario directo por parte do Concello có obxecto de verificar o cumprimento deste feito.

#### ARTIGO 8. Normas de xestión.

As persoas interesadas na concesión dos aproveitamentos regulados nesta Ordenanza Fiscal deberán solicitar previamente a correspondente licenza (por ano ou semestre natural). No intre de presentar a solicitude para a obtención da autorización precisa para facer os aproveitamentos descritos en esta Ordenanza, deberáse autoliquidar e ingresar o importe da taxa, sen cuxo requisito non se dará tramite á petición.

O depósito a constituir referirase ó ano ou semestre anticipado para o que se solicita a autorización.

A resolución que concede a licenza aprobará simultaneamente unha liquidación provisional ordenando as devoluciones ou practicando as liquidacións complementarias que procedan. No caso de non concederse a licenza, devolverase o depósito constituido.

No caso de que o interesado, despois de transcurrido o período de concesión inicial, deseñe continuar co aproveitamento, deberá aboar as taxas correspondentes, segundo o procedemento sinalado nos parágrafos precedentes para a autorización inicial, feito que se considerará como unha solicitude de prórroga.

Para os postos sen licenza, o pago farase o día da feira, no momento da ocupación do dominio público local. A efecto do pagamento desta taxa, polo Concello Pleno nomeárase a un ou varios cobradores habilitados, que efectuaran o cobro segundo recibos ou tickets confeccionados ó efecto, debendo os mesmos render contas ó Tesoureira municipal no seguinte día hábil posterior á celebración da feira.

A taxa pola expedición de cada "tarxeta de venda ambulante", autoliquidarase tamén no momento de presentar a solicitude da licenza.

#### ARTÍCULO 9. INFRACCIONES Y SANCIONES TRIBUTARIAS.

En todo lo relativo a la cualificación y sanción de las infracciones que poidan cometerse, se estará a lo dispuesto en los artigos 178 y ss. de la Lei Xeral Tributaria e na Ordenanza Xeral de Xestión.

#### DISPOSICIÓN TRANSITORIA

No ano 2008, as cotas resultantes da aplicación desta taxa, prorrótearanse por meses, tanto no caso de licencias anuais como as do primeiro semestre do ano.

#### DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor o día 1 do mes seguinte ó da súa publicación no BOP, momento en que quedará derogada a anterior ordenanza fiscal nº 10 reguladora do prezo público pos postos, barracas, case-

tas de venda, espectáculos ou atraccións situadas en terreos de uso público."

Guitiriz, a 28 de maio de 2008.- A Alcadesa, Regina Polín Rodríguez.

R. 02829

—  
LUGO

## BASES QUE REXERÁN O CONCURSO PARA A PROVISIÓN DE DOUS POSTOS DE TRABALLO DE TÉCNICO DE ADMINISTRACIÓN XERAL NO CONCELLO DE LUGO

### 1.- OBXECTO DO PRESENTE CONCURSO

É obxecto do presente concurso a provisión dos postos de traballo de técnico de administración xeral, relacionados no anexo destas bases, entre empregados/as do Concello de Lugo, con praza en propiedade e categoría de técnico de administración xeral.

### 2.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As instancias solicitando tomar parte na presente convocatoria dirixiranse ó Excmo. Sr. Alcalde Presidente do Excmo. Concello de Lugo, presentándose xuntamente coa documentación para xuntar, no Rexistro Xeral de Entrada deste, ou na forma que determina o artigo 38.4 da Lei 30/92, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, durante un prazo de 10 días hábiles, contados a partir da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Cada un dos empregados/as participantes poderá solicitar todos os postos convocados para os que reúna as condicións e requisitos sinalados, expresando a orde de preferencia de cada posto de traballo e indicando a tal fin a denominación co que figuren estes.

Os requisitos determinados na convocatoria deberán reunirse na data que termine o prazo de presentación de solicitudes de participación.

Só se poderá desistir da petición de tomar parte no concurso antes de que finalice o prazo de presentación de solicitudes.

### 3.- REQUISITOS PARA PARTICIPAR NA CONVOCATORIA DE CONCURSO

A) Ser empregado/a do Excmo. Concello de Lugo, con praza en propiedade, e categoría de técnico de administración xeral grupo A (subgrupo A1)

B) Atoparse en calquera situación administrativa, excepto en situación de suspensión firme, ou de excepciona voluntaria por interese particular, sen ter transcurrido o prazo legal obligatorio de permanencia de dous anos.

### 4.- BAREMO DE MÉRITOS

Soamente procederá a valoración dos méritos alegados polos participantes cando estes reúnan os requisitos esixidos nestas bases.

Valoraranse os méritos obtidos ou en condición de obterse na data na que finalice o prazo de presentación de instancias para participar no correspondente concurso.

A xustificación dos méritos deberá realizarse mediante certificación oficial expedida para o efecto.

Para fixar a orde de preferencia na adxudicación do posto no concurso, valoraranse os seguintes méritos:

1.- Antigüidade: 0,05 puntos por cada mes completo de servizos en activo nas distintas administracións públicas, ata un máximo de 12 puntos. Para estes efectos tamén se computarán os servizos recoñecidos ó amparo do disposto na Lei 70/1978, do 26 de decembro, de recoñecemento dos servizos previos na administración pública.

#### 2.- Formación:

a) Titulación académica: Calquera titulación académica oficial de igual ou superior nivel ó esixido para o desempeño do posto de traballo para prover, con exclusión da que sexa necesaria para o acceso ó posto: 1,5 puntos por título, cun máximo de 3 puntos.

b) Cursos de formación e perfeccionamento: Valoraranse os cursos de formación e perfeccionamento de duración igual ou superior a 15 horas que foran cursados ou impartidos polo interesado/a, e que foran convocados ou homologados por calquera centro ou organismo oficial de formación de empregados públicos, ata un máximo de 3 puntos, e de conformidade coa seguinte escala:

- De 100 ou más horas: 2,00 puntos
- De 75 ou más horas: 1,50 puntos
- De 50 ou más horas: 1,00 puntos
- De 25 ou más horas: 0,50 puntos
- De 15 ou más horas: 0,20 puntos

En ningún caso se puntuarárán neste subparágrafo nin no anterior os cursos de galego, nin os cursos pertenentes a unha carreira universitaria, cursos de doutoramento e dos diferentes institutos das universidades cando formen parte do plan de estudios do centro.

En caso de cursos impartidos, estes valoraranse por unha soa vez, non sendo susceptibles de ser valoradas sucesivas edicións dun mesmo curso.

#### c) Coñecemento do idioma galego:

- Curso de iniciación ou homologado: 0,5 puntos
- Curso de perfeccionamento ou homologado: 1 punto

A puntuación máxima desta alínea será de 1 punto

### 5.- COMISIÓN DE VALORACIÓN

Cualificará os méritos dos concursantes, con referencia á data de peche do prazo de presentación de instancias, unha comisión de valoración composta por:

- Presidente: Dona Marta López Peña: Xefa do Servizo de Persoal do Concello de Lugo.

